



# Compromiso coa conciliación

## Compromiso coa conciliación

Dinahosting reconece como obxectivo estratéxico empresarial o desenvolvemento de relacións laborais baseadas na igualdade de oportunidades e a non discriminación por cuestións de xénero e raza. Máis concretamente, dinahosting considera que promover a igualdade entre as traballadoras e os traballadores é un dos principios básicos que rexen a organización.

A finalidade da Política de igualdade de oportunidades e conciliación é lograr un entorno favorable que facilite a conciliación entre a vida persoal e laboral das traballadoras e dos traballadores de dinahosting.

### Ámbitos de actuación:

1. Firme compromiso co emprego de calidade. Fomentamos o mantemento de postos de traballo estables e que garantan o desenvolvemento e unha mellora continua das aptitudes e competencias profesionais, a través dun coaching a mandos intermedios e directivos. O 98% do noso emprego é estable e temos a firme convicción de non usar servizos de ETT.
  
2. Igualdade de oportunidades. Apostamos polo desenvolvemento profesional das traballadoras e traballadores, favorecendo un trato equitativo e que impulse a súa progresión profesional e persoal nos seguintes aspectos:
  - a) Valoración obxectiva daqueles coñecementos e habilidades precisas para o desempeño profesional, promocionando e compensando as boas prácticas por parte das traballadoras e traballadores. Temos complementos salariais por alto rendemento e por desempeño en días semi-especiais.

- b) Garantías de igualdade retributiva: En dinahosting existe un sistema de avaliación obxectiva do desempeño polo cal, mensual / trimestral ou semestralmente, se avalía obxectivamente o desenvolvemento de todos/as os traballadores/as da empresa en aras de ver o seu rendemento, independentemente do sexo e/ou posto que ocupen. Reflíctese por convenio o compromiso a unha revisión formativa, de evolución e desenvolvemento, independentemente do sexo e/ou posto que se desempeñe.
  - c) Aposta polo talento: eliximos ás/ aos mellores profesionais por medio dunha selección baseada no mérito e nas actitudes e aptitudes das candidatas e candidatos.
  - d) Apoio ás traballadoras e traballadores, promovendo o seu desenvolvemento profesional e plan de carreira a través de programas de formación interna. A maiores, existe dentro do plan de formación un aporte de 10.000€ anuais para investir en accións demandadas directamente polas traballadoras/es.
3. Impulsamos a igualdade efectiva entre mulleres e homes dentro da empresa, respecto ao acceso ao emprego, á formación, á promoción profesional e ás condicións de traballo. Temos como obxectivos:
- a) Reforzar o compromiso de dinahosting coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, tanto dentro da empresa como na difusión á sociedade en xeral.
  - b) Garantir o desenvolvemento profesional das mulleres dentro da empresa, eliminando as eivas que poidan limitar a súa carreira.
  - c) Establecer medidas de acción positiva para corrixir as desigualdades que se poidan presentar, e fomentar o acceso das mulleres a cargos de responsabilidade dentro da empresa.
4. Poñemos en marcha medidas de conciliación que favorecen o equilibrio da vida persoal e familiar das traballadoras e traballadores. Máis concretamente:
- a) Flexibilidade horaria de entrada e saída. En dinahosting pódense solicitar intercambios de quendas.

- b) Quendas de xornada continua, o que permite unha maior conciliación familiar. Dispoñemos dunha cociña e comedor onde se pode xantar dentro do horario laboral.
- c) Elección libre de vacacións. As traballadoras/es poden coordinarse co seu equipo de traballo e escoller os días libres.
- d) Favorecemos a conciliación laboral e familiar desta forma:
  - A traballadora ten dereito a solicitar sete días de permiso antes da data prevista de parto. Por paternidade, danse vinte días naturais para o coidado do fillo ou filla. Estes permisos son a maiores da baixa estipulada por lei.
  - As/os traballadoras/es poderán solicitar ausentarse para acompañar á súa parella á realización de probas relevantes no proceso de xestación, coma ecografías ou probas de gravidade que impliquen a adopción dunha decisión respecto do feto. Con respecto ao resto de probas de gravidade debidamente xustificadas, a empresa concederá o acompañamento a familiares de primeiro grao sen ser necesaria a compensación de horas.
  - As/os traballadoras/es e con fillos de ata 4 anos de idade teñen dereito a solicitar un plus social de 100 euros brutos por fillo na súa nómina, no caso de que fagan uso de garderías privadas.
  - As traballadoras e traballadores teñen dereito a solicitar un anticipo de nómina ata o importe correspondente á suma do salario base das súas dúas últimas nóminas cobradas.
  - As traballadoras e traballadores contan cun seguro médico privado e con vantaxes en prezo para incluír aos seus familiares directos.
  - En situación de baixa médica, complementase o salario ao 100%.

#### 5. Medidas de apoio ao coidado das persoas:

- a) As traballadoras e traballadores con nais, pai, fillos ou fillas, unión de feito ou cónxuxe en situación de dependencia que requira o seu ingreso nun asilo ou centro similar, teñen dereito a solicitar un plus social de 100 euros brutos.
- b) Dinahosting pon a disposición das traballadoras e traballadores catro días por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización da parella e parentes de primeiro grado. Cando por tal mo-

tivo o traballador ou traballadora precise desprazarse, o prazo incrementárase a 5 días.

6. Contratamos os servizos daqueles provedores que contan con medidas internas en materia de conciliación e igualdade efectiva entre mulleres e homes.
7. Colaboramos e difundimos proxectos en loita contra a violencia de xénero.
8. Erradicamos o emprego de linguaxe discriminatoria tanto nas nosas comunicacións corporativas, como de forma interna ou externa.